

GUÍA EXPRÉS



Cruzar as Vías

Seguridad en espacios ferroviarios para
ADULTOS



AGENCIA ESTATAL
DE SEGURIDAD FERROVIARIA



AÑO EUROPEO
DEL FERROCARRIL 2021

Datos de interese da rede ferroviaria española



Lonxitude rede ferroviaria: 15.301 km



Nº estacións: 1.498



Nº circulacións trens/ano: 2.206.905



Viaxeiros: 487 millóns



Pasos a nivel: 3.144

Fonte: Observatorio do Ferrocarril. Informe 2017.

Datos interesantes sobre os trens

Alguns trens de alta velocidade pesan unhas 322 toneladas, o que equivale a 260 coches.

A distancia de freada dun tren que circula a 160 km/h pode ser de 1.000 metros, o que se corresponde con 10 campos de fútbol.

Alguns trens teñen unha potencia de 8.800 kW, como 120 coches.

Accesos non autorizados a espazos ferroviarios e vandalismo

Entre 2010 e 2017 **morreron en España 114 persoas en accidentes producidos en puntos non autorizados de paso** aos espazos ferroviarios.

As infraccións máis frecuentes son:

- ▶ Non empregar os pasos habilitados cando os hai ou utilizar de maneira inadecuada os existentes.
- ▶ Irromper ou atravesar as vías de forma antirreglamentaria ou imprudente.
- ▶ Non respectar a sinalización.

Ademais, **o acceso a espazos ferroviarios non permitidos está penado pola lei. O acceso público ás vías do tren non está permitido, polo tanto, cruzalas nun lugar non autorizado é moi perigoso, ilegal e sancionable.**



**MULTAS
de ata
7.500€**



Por onde se pode cruzar?

- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades **existen pasos superiores, inferiores e ao mesmo nivel para atravesar as vías de forma segura.**
- ▶ Nos casos en que non existan outros pasos e haxa un **cruzamento entre as plataformas: pare, mire para ambos os lados, escoite atentamente e cruce cando sexa seguro.**
- ▶ Nos pasos a nivel, faga caso dos sinais físicos, luminosos e sonoros.

Pare,
obedeza a
senalización e
cruce cando estea
permitido.



Claves para evitar riscos nos espazos ferroviarios

- ▶ Cando pasee ou faga deporte, **manteña a distancia de seguridade coas vías. Os trens producen remuíños de aire tan potentes que o poden arrastrar e succionar debaixo do tren.**
- ▶ Na plataforma, **sitúese detrás da zona de seguridade, normalmente delimitada cunha liña amarela.**

Nunca
se achegue ata
que o tren estea
completamente
parado.



- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades vaia por lugares autorizados.
- ▶ Nas estacións e noutros espazos ferroviarios **respecte os sinais e poña moita atención nos pasos autorizados.**
- ▶ Nas estacións, **atenda as mensaxes sonoras e visuais, así como as indicacións do persoal.**

Como estar seguro nos espazos ferroviarios

- ▶ Nas estacións, teña un comportamento adecuado e non poña en risco a súa integridade ou a dos demais.
- ▶ As estacións e os espazos ferroviarios poden ser lugares con riscos. **O alcohol e algúns medicamentos alteran a nosa percepción do risco e reducen a nosa capacidade de resposta.**

Nas estacións e zonas ferroviarias hai riscos.




- ▶ Na beira da plataforma ou preto das vías **falar polo móbil, tirar fotos, usar os cascos, estar pendente das redes sociais, etc. pode ter consecuencias moi graves.**
- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades, **non ignore os sinais de advertencia de perigo.**

- ▶ Ao atravesar polos cruzamentos entre plataformas, fágao pola zona central.
- ▶ É perigoso cruzar as vías do tren. **Hai que estar sempre alerta, evite as distraccións.**

Entre todos podemos previr situacións de risco.



PARA, MIRA, ESCOITA, VIVE!



Cruzar
as Vías

Elaboración técnica:



Secretaría Técnica:
FUNDACIÓN DE LOS
FERROCARRILES
ESPAÑOLES



AGENCIA ESTATAL
DE SEGURIDAD FERROVIARIA